GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

*RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria para o ano 2020 (código de procedemento IN421L).*

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200122/AnuncioG0474-191219-0005_gl.pdf

# AXUDAS A ENERXIAS RENOVABLES EN PRODUCION AGRÍCOLA

**Beneficiarios:**

1. As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídos no sector de produción agrícola primaria.

2. As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía

**Actuación obxecto da axuda**

Serán subvencionables as seguintes tecnoloxías: **biomasa, biogás, aerotermia, xeotermia, solar térmica, fotovoltaica, minieólica e proxectos de aforro e eficiencia enerxética**.

**Contía da axuda**

A contía da axuda será do 35 % do custo elixible da nova instalación, cun máximo de 100.000 euros por proxecto e de 300.000 euros por empresa, salvo no suposto de instalacións de autoconsumo colectivo, en que se establece unha axuda máxima de 500.000 euros por proxecto e de 500.000 euros por empresa. A intensidade da axuda incrementarase un 20 % no caso de axudas concedidas a pequenas empresas e un 10 % no caso de medianas empresas.

O investimento mínimo para que a actuación sexa subvencionable debe ser de 5.000 euros por actuación (IVE non incluído).

**AS SOLICITUDES DEBEN FACERSE OBRIGATORIAMENTE POR VÍA ELECTRÓNICA**

**https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN421L**

**PRAZO DENDE 10/02/2020 E REMATA O 15/05/2020**